




A NOSA TERRA

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, A CRUNA

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

FERRER



PARA PERIÓDICOS,
REVISTAS ILUSTRADAS,
PROPAGANDA INDUSTRIAL,
RECLAMO DE ARTISTAS, &
REAL 61, CORUÑA

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encárragos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárragos.

Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto

de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incaída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bós Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RÍO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intrés nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por 100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	» »
En prazo fixo de tres meses	3	» »
Idem id. 6 meses	3 1/2	» »
Idem id. un ano	4	» »
A máis prazo		convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 172 — 1.º SANTOS 1922



LUÍS PORTEIRO GAREA

Faleceu o 27 de Outono de 1918

Catro anos fai. Revive en nós agora o fatal momento en que deixamos de ouvir para sempre a súa voz de apóstol. No corazón dos "bos e xenerosos" alentan as súas verbas ateigadas de luz e amor a Patria. Fáltanos o seu corpo pero temos a súa alma, o seu espírito que nos alumean. Os seus fillos espirituáis lembramos hoxe con amor ao inesquencido mestre, e xuramos non acougar no espallamento das súas doutrinas, que nos marcan o camiño glorioso e verdadeiro da liberación da Terra Nai.

PREGARIA

A Luís Porteiro.

Malpocado de mín ¡ouh loitador que coidei qu'o teu herdo podería ser axiña recollido, e que non tardaría en xurdir o home que sabería conducirnos pol-a senda lumiosa que deixache aberta.

Mais a tua falla é unha chaga que cada vez s'afonda mais. Cada día a chamada da Terra é mais forte, é, tamén, cada día síntese mais a dor da tua perda.

Soio o teu espírito ¡ouh loitador! sabería dirixir hacia o trunfo aos homes de cerebro e manter aceso o lume da esperanza nos homes de corazón.

¡Os mortos mandan! E Ti dende a rexión descoñecida onde moras, infunde o teu espírito a un home de craro talento e de forte vountade que seipa ser apostol.

¡Un home que seipa facer sentir rebeldías e carraxes, aos que, probes d'intelixencia, non temos mais riqueza que a fe...!

¡Fe cega, fanática quizáis, que non precisa de razóns nin argumentos que a sosteñan!

F. ABELAIRA.

PORTEIRO

Xá van aló catro anos. Morreu cando eu iniciábame na Santa Idea.

Paréceme ollar agora a súa simpática figura; paréceme estar escoitando o seu verbo ardente, de apostol, predicando a boa nova, en aqués actos do comenzo que eu añoro e aos cales asistía con un tolo afán de adeprender, de me orientar. El, co'as suas sabias doutrinas, con aquela convicción e aquel entusiasmo que poñía nas suas verbas abríume os ollos. Comencei a ver. El amostróume o verdadeiro camiño, ensinoume a querer, a adorar á Miña Terra. ¡Gratidade eterna, gárdolle que só podo pagar con unha lembranza que non morre, co seu nome aniñado no meu corazón e con unha oración patriótica nos meus beizos!

Eu, que non son apolítico, que penso que unha política galega, puramente galega e galeguista, interésanos fondamente, teño saudades do noso gran Porteiro. El foi o verdadeiro caudillo, o home que necesitamos. Non houbo outro despois de él morrer. Ningún chegóuselle a igualar. Total-as condiciós para ser un apostol, para ser un guiador de masas, para nos conducir ao camiño da emancipación, reuníanse en Porteiro. De unha cultura formidabre, alma de poeta, de soñador, de iluminado, con unha palabra acesa en entusiasmo e amor á Terra, galego de nascimento e fondamente galego de corazón, d'unha simpatía que cautivaba e hasta a súa figura, o seu físico, parecíanos decir que aquel era o home. Todol-os pobos cando se atopan no período de formación, de reconstrución, necesitan un home-guía, un home que seipa interpretar fondamente o espírito e o desexo d'aquel pobo e seipa conducil-o ao fin arelado. No noso pobo foi Porteiro o home. Quizais Brañas chegáraselle

a semellar, mais non a igualar. Poida ser que fora porque Brañas viviu en outro tempo, Porteiro foi unha rayola chea de luz que pasou pol-a vida galega no momento en que ésta comenzaba a se axitar e que deixou unha lembranza eterna e unhas enseñanzas santas que non caeron en terreo baldío. Un Porteiro non se improvisa nin nasce sempre. Xurde n'un momento dado. El xurdíu nos comenzos, nos tempos embrionarios. Outro xurdirá nos instantes da madurez, cando xá a idea esteña cimentada. Eu creo que eses tempos están a chegar. O home virá, pero ha de sair do noso interno, da nosa entraña. Non pode ser un calqueira. Co'a morte de Porteiro veu un paréntesis que ninguén cubriu. Porteiro non era unha esperanza. Porteiro era unha realidade.

Quizais o pobo galego non sentira tanto a morte de Porteiro coma a de outros galegos desaparecidos. Pero eso foi porque Porteiro morreu cando comenzaba a se amostar aos ollos arelantes do pobo galego. Cando éste comenzaba ao comprender. Mais a perda que para Galicia tivo a morte de Porteiro non chegou a se igualar. Porteiro era "noso": Ningún meresceu a confianza que significa o chamal o así.

O nome de Porteiro é hoxe de actualidade. Cada día que pasa vese mais a enorme perda que experimentamos co'a súa morte.

¡Si él vivise! Penso que a morte de Porteiro retrasou en moitos anos a marcha do movemento salvador. Hoxe que hai febre nacionalista, que todos ou casi todos chámanse nacionalistas, eu non podo negar que o sexan porque non me creo nin creo tampouco a ninguén capacitado para dar patentes, ponse de manifesto a falla d'un Porteiro que recollese como él saberíao facer esas forzas e eses homes que agora comenzan a ver. Mais Porteiro morreu. Despareceu para non voltar. ¡Pobre Porteiro e pobre patria miña!

Os que con él vivimos os momentos da formación do despertar actual recemos hoxe unha patriótica oración pol-o home que se nos foi, pol-o irmán querido, pol-o noso mestre. Trallemos con entusiasmo na labor que él marcou e agardemos con fe.

Non o esquezamos endexamais. Pol-a miña parte non habrá nada capaz de extinguir da miña memoria e do meu corazón o nome santo e glorioso do home que me ensinou a querer e a adorar á Miña Terra.

VICTOR CASAS.

Aos leitores

Debido á folga dos tipógrafos cruñeses, non puido sair o número de A NOSA TERRA correspondente ao 15 de Outono.

Hoxe damos este número amprido.

Rogamos aos nosos lectores perdónennos esta falla da que enon tivemos culpa e que somos os primeiros en lamentar.

Fume vosté con papel

NOROESTE

LUIS PORTEIRO

Mes de difuntos, este mes doente e agoreiro no que fai catro anos murchouse para sempre a mais cheirosa e recendente rosa da roseira nacionalista. Eramos, e somos, os nacionalistas unha familia sin pai; o vello petrucio do noso fogar nativo esmorecérase na noite dos tempos. Pardo de Cela, Faraldo; ¡quen sabe xa en que páxinas da Historia se atopará o nome do noso vello petrucio! Unha familia sin pai, e con nosa Nai Terra tullida e aldraxada por unha parentela de desleigados, todol-os nacionalistas tivemos que sentirnos maiores d'edá para traballar darreo en procura do noso orfo fogar galego, no que xa se esquecera a lembranza das tradicións; fogar sin quentura e sin alma, coa facenda desfeita por mans de tutores vidos de terras lonxanas...

...En prócuro de todo isto traballábase darreo os nacionalistas, co pensamento posto en nosa Nai; e a nosa vida rubia coma lús morna e farturenta d'un sol de Maio; o noso fogar foi axiña un xardín de xurdías ideas e nobres sentimentos, ao que comenzo a vir en peregrinaxe a alma galega coma a un santo lugar de redentora purificación. Como a nosa ascendencia se perdera na noite dos tempos, alí todos éramos irmans, e o maior encanto da nosa vida, o que mais nos axuntaba, era a fecunda anarquía do noso traballar, que non creaba xerarquías, porque sempre iba inspirado pol-o mesmo xeneroso sentimento d'amore á nai Terra. Cada un traballaba no traballo que lle era mais adoitado; unhos cantaban as nosas grorias esquecidas; outros desenterraban da Historia a aristocracia espiritual da raza; outros abrían para á lingua vernácula hourizontes de lumiosa universalidade; outros con pulos de xenio rachaban o límite dos tempos presentes e elevaban as nosas artes a categorías hoxe desconocidas. O santo amor e a fonda carraxe que todos sentíamos—¡ouh grandes pasiós creadoras!—facían o milagre d'aquel frorido xardín que iba tecendo unha nova vida, ridente e farturenta, por total-as riveiras e congostras da nosa Terra. Pero o que tremaba da facenda, o que cavaba a terra con man forte, o que estaba facendo os cimentos profundos e sólidos do fogar nacionalista era Porteiro...

Morreu él e o noso xardín perdeu a súa cheirume de primaveira, como si unha fedenta invernia quíxera murchalo. Novas primaveiras viñeron e novas rosas naceron; pois tan fecundo é o noso xardín que de ano a ano multiplicanse; ¡pero cantas primaveiras terán de pasar para que os novos tallos conquiran a arrogancia lanzal d'aquel que xa desafiaba sin medo ós mais ferros nordesios!

Mes de difuntos, este mes doente e agoreiro. Mes da "traxedia das follas" que o vento arremuiña na lameira; a paisaxe esquiva, acóchase baixo d'un ceo de neboeiro. Non poden collerse agora frores no xardín, que s'adiviña ispidio e dormiñento por trás da cristaleira. Mais o recendo das rosas cheirosas nunca se perde. As follas da rosa de Porteiro gardámolas todol-os nacionalistas nos nosos devocionarios íntimos; son os seus artigos, os seus discursos, os desacougos fecundos que foi sementando en todos nós; eles perfuman a nosa vida coma un alento esquisito e sutil...

N-este triste aniversario a millor ofrenda que podo facer á lembranza do ilustre morto é regalarvos ós lectores e-unha follíña da súa rosa que oxe atopei no meu devocionario; un pensamento escrito por Porteiro que fortalecerávos no Ideial coma unha profética sentenza de ultratumba. Eiquí o tendes:

"Toda formación política que non respete a personalidade dos pobos que a integran, áchase condenada a morte, e somentes durará o tempo que a forza dos oprimidos, d'un ou d'outro xeito, tarde en igualar á forza dos opresores."

Un pensamento que é un programa. Unha folla que ten de deixar unha eterna e fecunda cheirume en todol-os bos e xenerosos.

L. PEÑA NOVO.

Villalba, mes de difuntos do ano 22.

Resume da historia de Galicia

(Continuación)

O seu idioma ó dos mais antigos do muno e aínda o noso garda o selo d'esa lingoa primitiva do país como o proba a correspondencia de moitas das suas voces co'as do antigo pobo dos druidas e os nomes de lugares que teñen sílabas e raíces do celta como Pedrido, Carnoedó, Paderne, Fiobre, Lambre, Lubre, Sarandós, Aranga, Crendes, Meirás, etc., e todol-os acabados en "bre" da palabra "bria" ou "brig". Pero onde mais viva consérvase a lembranza da vida céltiga é no grande número de momentos que aínda temos nas montañas e mariñas e chámanse "dolmes" (furnas de grandes pedras por traballar); "menhires" (pedras xigantescas espetadas sobor da cova de algún personaxe ilustre); "penas baladas" ou "pedras moventes"; "medorras" ou "mámoas", e sobre todo nos tan conocidos "castros" de que está sementado o noso territorio.

Moitos séculos despois da invasión dos celtas viñeron por vez primeira a Galicia os fenicios, famosos navegadores e comerciantes da Asia. Fixeron amizade cos celtas das nosas costas e espallaron entre eles as luces da súa civilización a troque os metás, en especial do estaño que tiraban das islas Sisargas. Nas suas expediós marítimas deron en lles facer compañía os galegos que así adeprenderon a guiar os barcos e a levantar faros.

Despois dos fenicios viñeron a Galicia os gregos dos que destruíran a Troia, porque ao tornar á patria non foron ben recibidos pol-os seus, e recorreron os mares fixándose onde millor acollida lles daban. Tratados aquí con beniniade os que chegaron, fundaron vidas e cibdades entre elas "Hellenes" (Pontevedra; d'eles proceden moitos nomes de lugares e millares de voces no idioma.

Pasado tempo, o ano 441 antes de Cristo, o goberno de Cartago, potente república da Africa, mandou a Galicia unha grande escuadra baixo o mando e Himilcon para estabreceren fatorias que surtisen á metrópoli de gando e sobre todo de estaño amarelo que era moito cubizado. Foron os estranxeiros ben recibidos e tiveron as millores relacións c'os naturás; pero logo imprincipiaron incomodos que trouxeron a guerra para ver de os botar fora, e despois de vitórias e reveses os galegos conqueriron dos invasores un tratado de paz que lles respetase a independencia e liberdade. Feito esto auxiliaron aos cartagineses con entusiasmo sobor todo nas campañas que o grande Anibal sostivo na Hespaña e na Italia, porque aquel famoso xeneral soubo facerse querer d'eles e chegar a ser o seu ídolo hasta o extremo de que lle regalasen unha preciosa armadura; eles axudáronlle a destruír a famosa cibdade de Sagunto, eles atra-

vesaron os Alpes e loitaron no Tesino, en Trebia, en Trasi-meno e en Cannas, se cubrindo de gloria ás ordes do seu xefe Briatio ou Viriato, que morreu cal morren os homes: matando romaos, na derradeira d'estas xornadas.

Vencido Anibal en Zama, perderon os cartaxineses a posesión da Iberia; pero os galegos, que odiaban aos romaos e tiñan fresca na memoria as fazañas d'aquel grande home, confederáronse cos lusitás e vaceos, para defensa da independencia do pobo, distinguíndose Bridan ou Brigán, que recorreu vitorioso, ao par de Viriato, a península ibérica, vencidos aos invasores. Con todo, Serviliano, atreveuse a facer unha expedición arriscada e foi o primeiro xeneral romao, que co'as suas lexións penetrou en Galicia e puxo cerco a "Erizana" (Baiona), pero tivo que o levantar e celebrar con Viriato un tratado de paz ben pouco honroso.

FLORENCIO VAAMONDE.

(Seguirase).

O nacionalismo e a política

Acabo de lér con algún retraso un artigo publicado na "Zarpa", d'Ourense, pol-o gran periodista vigués, quírido e admirado amigo, M. Lustres Rivas, en col do mesmo asunto que encabeza istas liñas. Y é iste asunto de tal trascendencia, que o coído merecente, mais que d'un comentario lixeiro e frívolo, d'un estudo serio con toda a responsabilidade das cousas meditadas, que consolide as orientacións que eisten, e defina ás que non-o están.

Achámonos en momentos d'unha verdadeira renascencia nacional galega, e compre a todol-os que d'un xeito ou d'outro contribuímos a provocar esta floración vizosa da nosa terra, que iste movemento non se retarde por anárquicos trasacordos.

O nacionalismo galego para Lustres Rivas (opinión que tamén outros comparten) debe ser sustancialmente apolítico. O seu principal argumento consiste en afirmar que namentras Galicia non se atope separada do Estado hespañol non debemos mandar deputados ao Parlamento, e por conseguinte non debemos facer política, porque a súa labor será estéril, cando non perxudicial pol-o perigo de contaxio coa política centralista. Aparte de que esta representación podía ser un gran fermento de protesta, a cantos eisi pensen eu lles fago as seguintes preguntas: ¿Non estades sempre dicindo que os deputados galegos, por caciques e desleigados, son-os causantes da nosa decadencia? Pois sendo eisi, ¿qué perxucio hay para Galicia en substituir isa representación de oligarcas por unha representación nacionalista? ¿Que non se faga política nacionalista deica atoparnos separados do Estado hespañol!; pois pra d'aquela xa non percisamos política nacionalista, porque con isa separación o problema nacionalista fica resolto.

O nacionalismo como sentimento, como cultura, como doutrina, en todol-os seus aspectos, tén unha finalidade fundamental: o conqurimento para a nosa terra do dereito a dispoñer de si mesma, e a rexir libremente os seus destinos. Ista vountade de ser que tén Galicia ciméntase en duas grandes realidades: a concencia da súa personalidade propia, e a concencia da esterilidade e ineficacia do seu sometimento ao Estado hespañol. No primeiro caso o nacionalismo maniféstase coma unha forza de creación; no caso segundo, coma unha forza de protesta contra unha tiranía dominante.

O noso sometimento ao Estado hespañol, ademais d'un problema de redención nacional plantea un problema inmediato de cidadanía, atogada pol-o réximen político presente. Por outra parte a nosa personalidade tén que ciméntarse n'unha cultura nosa, que non poderemos tér namén-

tras o ensino siga monopolizado pol-o Estado hespañol; na nosa lingua, desbotada de todol-os centros pol-a oficialidade monopolizante do castelán; n'unha economía librecambista e mariñeira, incompatible coa a natureza proteccionista e de secano do Estado hespañol; n'un espíritu de xusticia que o réximen centralista é incapaz de entender e moito menos de practicar.

Quer dicir todo esto que o noso inimigo será sempre o Estado hespañol, e a finalidade do nacionalismo, como creación e como protesta, será liberar á nosa terra d'esa servidume. E ista finalidade suprema ¿qué é sinon unha finalidade política? O nacionalismo, pois, pol-a a súa finalidade e pol-a natureza da súa loita,, é un movemento sustancial e profundamente político.

* * *

Lustres Rivas, no seu artigo, afirma que o nacionalismo galego decrarouse apolítico na Asamblea de Monforte. Ha de permitírnos que o rectificuemos rotundamente; alí acordouse non facer ningunha declaración expresa; é aprobáronse ponencias de franco carácter político. N-este particular están vixentel-os acordos das Asambleas de Lugo, Santiago e Vigo, nas que se fixou cristaiñamente o carácter político do nacionalismo. Pero ademais a Asamblea de Monforte foi unha asamblea adxetiva, na que non se definiu ningún punto doutrinal. O sucedido foi que se aprobaron ponencias que restrinxían a límites de ineficacia a actuación política do nacionalismo; e por considerálas d'unha suicida inoportunidade, moitos apartámonos da "Irmandade Nacionalista Galega", novo organismo que alí se creou. O tempo veu demostrál-a lixeireza de tales acordos, que os mesmos compoñentes da "I. N. G." tiveron o bon senso de non praitical-os.

* * *

¿Que os deputados a Cortes non poden facer política galega! Entonce son inxustas total-as censuras dirixidas aos nosos deputados. Pero non percisamos esforzarnos en sacar consecuencias absurdas para demostrál-o absurdo da premisa, porque a realidade perséntanos exempros elocuentes. Aínda quente o cadaver do malogrado Leonardo Rodríguez, moitos nacionalistas que forman na vanguardia da "I. N. G.", publicamente manifestaron que con Leonardo se perdera unha das mais xurdias e ledas espranzas do rexurdir da nosa Terra. Pois Leonardo Rodríguez era deputado y exministro do Estado hespañol, nin siquiera había falado publicamente en galego; e todo o grande prestixio conqurido debeuno á súa figura política labrada no Parlamento. Deus nos libre de censurar tales gabanzas; mais permitasenos dicir que non se adoitan ben en bocas que pregonan o apoliticismo como salvadora norma de conducta.

* * *

Pero istos dous únicos argumentos que os apoliticistas esgrimen refírense somentes á política electoral. E a política electoral é un cadro, nin o mais longo, nin o mais interesante do gran drama da política galega. Política é creal-a concencia nacional do pobo; política é principalmente sementar no pobo un espírito de democracia e de xusticia que provoque fecundas rebeldías; realizar a cotío actos de vibrante cidadanía; organizar ós labregos; conquistar día a día novas concencias para a loita; ir cincelando núcleos potentes de cidadans nos agros e nas vilas, xurdios cimentos da soberanía futura; atacar feramente a todol-os caciques, batindoos de coba a coba, de monte a monte, como se bate ós lobos; isto, e moito mais que isto é a loita política. Os meirandes artistas, os meirandes homes de ciencia nada farían pol-a liberdade da terra, si non levasen un pensamento político ás suas obras; un home que faga acesas poesías de amor á terra, que cultive as mais fermosas rosas na roseira da lingua, e non faga nada mais, será un home dino.

de respecto pra os caciques; en troques negaralle o respiro ao mais escuro labrego si realiza o mais pequeno acto de liberación política. Que non nos metamos en política, iso é o que queren os políticos dominantes. Por iso non hay dereito a dicir autoritariamente que o nacionalismo galego é apolítico, porque iso, dígase no senso que se queira, na realidade non se pódese tomar mais que como unha confesión de impotencia ou como unha manifestación de cobardía.

Afortunadamente en Galicia os nacionalistas que d'un xeito oficial nos atopamos organizados non solmol-a maioría; hay moitos mais que nós que andan facendo rexas campañas políticas a cotío; mais por iso aos organizados cómpenos a obriga de marcar sanas orientacións de solidariedade; que si eisí o non facemos a nosa labor será confusionista e retardataria; e ademais faremol-o ridículo, porque de nada vale negarlle o carácter nacionalista aos que non queiran someterse á nosa disciplina, si mais audaces e re-xos, van conquistando a clamorosa adhesión das xentes, namentras os demais nos gastamos en estériles distingos académicos; nin vale dicir "a verdadeira Galicia a somos nós"; ise xesto de soberbia é casi sempre unha desculpa da nosa abulia; é o xesto do avêstruz, que por pechal-os ollos pensa que xa non hay perigo; a verdadeira Galicia serana con nós, sin nós, ou contra nós aqueles que mais axiña seipan redimila loitando barudos, sin remilgos de nenas de primeira comunión.

* * *

Restan pol-o derradeiro algúis que defenden o apolitismo, porque temen que a política provoque ambicións nas xentes e lixe as concencias límpas. Pra ises non cabe mais contesta que un piadoso esquecemento; son almas cativas

que levan consigo o xermolo da derrota; fan coma o que non embarca por medo de se afogare; homes sin fe nin seguranza no ideal, cando tanto medo lle teñen ó lixo da política, demostran seren austeros porque nunca tiveron ocasión para deixar de sel-o.

E istos homes ao fin e á postre, por non querere nunca facer unha política propia, aparecen á volta de cada hora como apéndices d'outras organizacións políticas alleas, porque nada vale o non querel-a política, si a política invade total-as esferas das nosas actividades públicas.

L. PEÑA NOVO.

Sada e os seus contornos

Iniciada pol-a mocidade sadense que traballa en Nova-York, fundouse esta sociedade co fin de construír na fermosa e progresiva vila mariñá un grupo escolar para o ensino de nenas e nenos.

O día primeiro deste mes fíxose solenemente a cerimonia de poñer a primeira pedra, que lle tocou en sorte ao rapaciño Xosé Arévalo.

Concurriron á este acto total-as autoridades de Sada, a directiva da sociedade, e os nosos irmáns Peña Novo e Lúgrís Freire, acompañados do ñoso distinto amigo Xoaquín Martín Martínez.

Despois da cerimonia celebrouse un xantar. Fixeron uso

da palabra o alcalde D. Anxel López—quen dixo que decraraba seu herdeiro a Escola que s'iniciaba—; os señores Peña Novo, Martín e Lúgrís. Todos eles fixeron resaltar a patriótica e proveitosa labor dos emigrados, que co' esta crase d'institucións laboran fortemente pol-o progreso e liberación da Terra. As frases acesas n-un outo e nobre nazonalismo, foron acollidas con grandes aprausos, e espertaron tal emoción que moitos ollos enchéronse de bágoas.

Por resultado d'esta visita formarás axiña na vila de Sada unha "Mocidade da Fala". A "Irmandade da Cruña" celebrará logo un gran acto nazonalista naquela vila.

CENTRO INSTRUCTIVO DE CECEBRE

Esta aldea, encravada na ridente Mariña dos Freires, que tén mais de dúas centas casas, distingueuse sempre pol-o seo espírito progresivo. Ninguén iñora que Cecebre tivo e ten nunha banda popular de música; e agora coa nova carretera de Cambre á Guísamo, mellorou moito a comunicación que tamén se pode facer pol-o apeadeiro de Abegondo.

Aquela progresiva e moi galega mocidade, foi a iniciadora da escola, que despois apoyaron os emigrados na América. Lograron xa erguer un espréndido e capaz edificio, con teatro e salas para crases e biblioteca. O domingo, día 8 deste mes, fíxose a inauguración, á que concurreu o coro cruñés "Cántigas da Terra", qu'engaiolou cós seus enxebres "ala-la-lás" a grande multitude que alí se axuntou.

O noso irmán Lúgrís Freire fixo uso da palabra no local do grupo escolar, aconsellando que todol-os viciños axudaran ao sostenimento da escola, que tiveran sempre postos todol-os pulos do corazón no progreso e liberdade de Galicia, e que "enxebriaran" todol-os seus costumes seguindo o altísimo exempro do coro cruñés.

A asamblea nacionalista ibérica

A "Irmandade da Fala" da Cruña ten recibido mais adesiós ao manifesto que encol d'este importante acto lanzo" fai pouco.

Fai días estiveron na Cruña os señores José Joaquín Nunes, catedrático da Universidade de Lisboa, e Francisco Alcayde, catedrático da de Santiago. O señor Alcayde é nacionalista valencián e membro da "Juventut Valencianista". Aproveitando a estada na Cruña d'estes dous irmáns no ideal, falamos da organización da asamblea. O señor Nunes díxonos que en Portugal fará canto poida por dar a coñecer a idea que xá moitos conocen e téñense aderido. O señor Alcayde falounos do gran entusiasmo que en Valencia causou a lectura do manifesto e que dende logo os nacionalistas valenciás están de complotado acordo co'a idea.

No mes que ven xuntaranse en Barcelona representantes dos nacionalistas valenciás, aragoneses, catalás, vascos e da "Irmandade" da Cruña para tratar xá en firme da organización da asamblea que terá de ser a obra mais seria e de mais transcendencia de cantas lévanse feito.

Unha bruxa

Chamábanlle "bruxa", e a fé que se poidera sela coa súa vontade seríaa.

Se un neno ou unha moza encamezaban á se poñer amarelos, fracos...; se morría algún boi; se adoeecía calquera das de xente, gando, ou can; se viña un andacio que acababa con poleiros, sempre a bruxa condenada tiña culpa; sempre era ela que lles botaba o mal de ollo, ou que lles ceibaba enriba unha maldición abafante.

Sabela non era mala; non foi unha muller de ruís e cativos sentimentos: foi simplemente unha disgraciada que nasceu e viviu enclenque para dar testemuña d'un castigo que Dios mandou aos seus país, por gandules e bébedos (según dixo o señor cura), castigo que encomezou á sofril-a pobre nena ao pouco tempo, cando a nai morreu por botar no mundo outro fillo sen vida, e sendo esmagado o pai pol-as rodas d'un carro certa noite que bebeu mais da conta nas tabernas do camiño.

Foi medrando Sabela, se medrar pode chamárselle ao pouco que aumentou a súa cativez, servindo á todos e sendo o pandote e mofa de cantos, nenos e grandes, había na aldea. Xa na idade da muller, porque corpo d'ela endexamais o tivo, Sabela rëndiuse pol-a forza á canto lampantín quixo escarnecela. Adequiriu doenzas, e se nunca fora moza que gostara ver, dende aquela daba noxo mirala.

Escomenzaron á lle fuxir os nenos; as mulleres despediana sen miramentos, empregando verbes dos que non era merecente...; Cantos días pasou a pobre sen xantar outra cousa que algunha froita pillada ás escondidas! Ninguén a quería na casa. Durmiu nos buratos que facían os nenos nos balados para se abrigaren da chuvia cando andaban có gando; despois escolleu un muiño abandonado, e nun curruncho dormíase toda encollida para ter o seu corpiño quente n-aquela humidade que viña do río, e para se librare do vento que sopraba pol-as regandixas da porta roída pol-o tempo, e a chuvia que furaba o teito falto de tellas.

Ninguén lle donaba nada do mais indispensable para a vida; ninguén lle tiña compasión... Arroubou; pillaba o que lle non concedían por caridade; xa que non a querían manter con esmolas, dos roubos tiña que vivir.

E apañaba patacas nas leiras, rabuñando coas mans; e collía espigas de millo, e arringaba cebolas...; Meu Dios, e este era o castigo das faltas que os seus país cometeran!

Chorou moito na vida; sufriu canto pode sufrir unha criatura que se ve repudiada, escarnecida. Es os seus sentimentos apodreceron coa podre vida que levaba; pouco a pouco foise convertindo sen se decatarse no que as xentes tiñana va convertio có medo: nunha muller ruín, mala e noxenta.

Alcumáronlle "Bruxa", e sentía ela o non ser para se vingar de toda aquela xente; mais, sabendo que podía impoñerlles certo respecto, xurou, maldecíu, e a súa figura pequerrecha somellaba medrar coa carraxe, cando erguía a man para ceibar as ameazas dos verbes abafantes.

II

Era un día de crúo inverno. As corredoiras enlameiradas coa chuvia non se podían atravesar; o vento zoaba; o frío callaba o sangue nas veas.

Ninguén s'estrevía á deixar os escanos da lareira onde o lume alapreaba garimosamente emprestando a vida da súa quentura benfeitosa. Contos van e contos veñen, íbase pasando o serán, repousando un anaco na conversa para adicarse de cano en vez ás castañas que fervían nun pote de barro á carón da lumerada, ou para empunhar o xerro de cidra con que mollar a gorra.

Supetamente o can, que adormecera diante da borrallera, erguéu a testa e recachou as orellas; brincou logo en baixo do lar e rosmou, ao tempo que na porta, entornadas por mor da friaxe que viña de fora, resoaba o petar quedo e homilde de alguén que pedía por caridade.

Abríu Minia, a moza da casa, e, un pouco batida en preno peito pol-o vento xiado que lle cortou o alento, outro pouco pol-a solpresa da visión que atopou na porta, quedouse parada sen dar fala.

Sabela estendíalle a man pedíndolle algunha quentura para o seu corpo atecido e para o seu estómago baleiro; pero na súa atitú mais que un rogo había unha ameaza. E no brillo dos seus ollos faiscantes o lume d'unha maldición.

O can ladróu. A moza pechou a porta con noxo, coma pechou tamén o seu corazón á piedade ao ver que era a "bruxa" quen lle pedía.

A infeliz, a maldadada que morría có frío e coa fame, rexeitada por todos sen ispirar á ninguén nin en ningures a caridade, bradou chea de carraxe unha maldición.

¡Xesús!—marmulou espavorida a moza, e botando o tarabelo volveuse toda arripiada en procura da compañía da xente que lle dera alentos, e do agarimo do lume que fixera quencer o seu corpo entalado pol-o medo e pol-o frío que a tomara na porta.

¡Xesús, Xesús!—repetía a rapaza tremante, dando dente con dente.

E non quencía por mais que se chegara ao lume, tanto que á pouco pégalle nas roupas.

Suaba. Escomenzou á tusir, á tusir; á se queixar do peito e do costado... Deitárona, acócharona ben cochada con mantas, déronlle moitas fregas; logo unha cinca de viño quente con sucre.

Pero nunca mais ergueuse a moza da cama.

A maldición da condenada bruxa cumpríase. ¡Como se a vontade divina estivese á mercé de calquera que para mal o invocase!

III

Todo o día soaron as tristes badaladas de morte.

Era un día de nadal, frío, mouro. Amanecera orballando e orballando estivo hastra a noite.

Pol-a tardiña, o fúnebre cortexo subiu pol-o camiño de San Xian, cara á igrexa. Caladíñamente, co corazón encollido pol-a anguria, pol-o medo tamén, as rapazas que acompañaban o campo santo o corpo frío da súa compañeira, embrulladas nos mantós e cubertas cos devotos manteos,

resistían a friaxe da nordesía como se os sentidos foran alleos á ela.

N-unha corredoira apareceu unha mulleriña encollida, cochada có esfarrapado refaixo por mor da chuvia, e crúzouse co enterro.

Un calofrío de medo fixo arripiar os acompañantes do fúnebre cortexo. Algús voltaron a cabeza, outros pecharon os ollos. Unha muller bradóu ameazante: ¡Maldita, has morrer de mala morte!

Sabela sentiu medo. Parecelle que a rapaza morrera por causa da súa maldición; que fora ela a que a matara, e fuxiu sloucando, horrorizada da súa maldade.

A súa fuxida reanimou os que iban no acompañamento, prestoulles o coraxe que ao vela diante lles faltara, e dispuxéronse á vingarse a morte da rapaza que murchara a maldición da condenada bruxa.

Unha pedra saíu o grupo, proyeitouna unha parábola no ár e foi caer preto de Sabela. Aquela foi seguida de outra; logo todos cantos iban no cortexo lanzáronse na persecución da coitada Sabela, que fuxía espavorida vendo atrás de si como manada de lobos famentos aquel fato de mozos que a perseguían á pedradas.

Un croyo pegoulle á infeliz na testa deixándolle unha marca vermella que foi escuand ocoma un fío o sangue quente que lle corría pol-as faces. Outra pedra deulle nas debles espaldas. Tropezou, domeáronselle os xionllos e caíu n-unha lameira. Coma feras atacárona os desalmados mozos, e guindáronlle enriba unha chuvia de pedras que a feriron de morte.

O corpo fraco, esgrouviado, da infeliz bruxa quedou alí, entre pedras, no barro que mesturado co sangue da martir manchaba as roupas descoridas, esfarrapas, dándolle un aspeito repunante de piltrafa.

LEANDRO CARRE.

Novas da causa

O día 14 d'iste mes reorganizouse con grande entusiasmo na vila de Villalba a "Irmandade da Fala". Compoñen a directiva da nova "Irmandade", os señores seguintes:

Conselleiro, Manuel Felpeto.

Viceconselleiro, Joaquín Fernández.

Segretario, José A. Parga.

Vice, José Fraga López.

Tesoureiro, Manuel Maseda.

Bibliotecario, Carlos García Puebla.

Contador, Javier Vázquez Rúa.

Vocals, Domingo Rey, Francisco Puente, Balbino Durán, Eugenio Fernández, Ezequiel Villares.

O día da inauguración celebrouse un gran acto público, ao que asistiu toda a mocidade villalbesa e no que pronunciou un discurso noso irmán Peña Novo. A nova "Irmandade" conta con mais de oitenta socios; é unha das mais numerosas e será unha das mais importantes de Galicia. Xa conta con un gran local social e un magnífico salón de teatro no que xa está facendo ensaios o cadro de declamación e un coro que conta con valiosísimos elementos musicais.

Con grande ledicia damos esta nova aos nosos lectores, e reiteramos á varil mocidade villalbesa a nosa entusiasta embora e o nosa mais cordial axuda.

Chegou a min un alalá perdido

*Chegou a min un alalá perdido
no acougo do serao,
e non sei si me trai o que eu arelo
ou si chegou en vao.
As forzas do Desejo, ja esvaidas
intentan ollecere,
e o corazón abriuse en longos brazos,
ja vai a cotovía a enmudecere
e a carricanta
soña
bajo da lua branca.*

*Un suave ventete sopra da Longedade
e as ondas da Lembranza escáchanse algareiras,
en prata musical, ao longo das ribeiras
onde mora entre névoas a raiña Saudade.
No onte e no mañá, en todel-as orclas,
as vellas naos isaron as suas brancas velas.*

*(Istas voces irmás
de falas mauseliñas
ouvinas eu n'outrora;
o son que me agarima
ontes me acalentou;
istas voces amigas
teñen o mesmo ritmo,
a dorosa ledicia
d'aquele Ben perdido
que en lembranza existía
no fondo do meu sere
e agora torna á vida.
Ista segreda arela,
ista donda cubiza,
iste desejo eterno
e o son d'ista cantiga...)
Noite.*

Neva melancolía.

*Como unha onda a morrere, no ar, desfaise
a perdida armonía.*

Fujiron os ruibés!

*Mas eu ben sei
cal todo é pasajeiro,
e as cores que brilaron n'un outeiro
no acougo do serao,
tornarán a sahire e non en vao,
nos ruibés d'alborada.*

VICTORIANO TAIBO.

(Do libre *Abrente*).

Papel de fumar

NOROESTE

TEATRO GALEGO

As veladas da Irmandade

O domingo 22 deron comenzo no local da "Irmandade da Fala" da Cruña as veladas teatrás a cárrago da "Escola Dramática Galega", que patrocina a mesma "Irmandade".

Representáronse as obras "¡Fillá...!", de D. Galo Salinas, e "O corazón d'un pedáneo", de Leandro Carré. As dúas obras foron moi ben presentadas e admirabreménte interpretadas.

Os rapaces encargados dos papés portáronse como verdadeiros actores, distinguíndose primeiramente as dúas rapaciñas Consuelo Varela e Rosa Martínez, que son dúas artistas e que bordaron os seus difíciles papés de ambas obras. Estas gustaron moito e os intérpretes foron apraudidos diferentes veces.

Moitos irmáns e donas concurriron á velada que ademais foi amenizada pol-a rapaciña e xá gran pianista María Rigueira, que executou varias obras galegas no piano.

Unha velada moi lucida e un bón comenzo de autuación da patriótica "Escola", a quen, de seguir tan ben como empeza, auguramos un verdadeiro éxito.

A nosa embora.

Denantes de se comenzer a velada, un irmán deu leitura ás seguintes cuartillas:

* * *

A obra que sube hoxe á escena é unha das mais antigas do noso teatro; é tamén a que foi escollida como millor entre as d'aquela época para se presentar ao público no teatro Rosalía aquela notabre agrupación que se chamóu "Escola Rexional de Declamación", creada e dirixida por Eduardo Sánchez Miño, e na que figuraban aficionados tan notabres como as señoritas Consuelo Puga, Dolores Losada, María e Xulia Anguita, e os Sres. Rey, Xambrina, Panisse, Sánchez, Lago, Naya, Torres, González, Tudela, Lens, Buch.

O noso ouxeto ao encozear as veladas d'este ano pol-a nova "Escola Dramática Galega", patrocinada pol-a "Irmandade da Fala", é, ao tempo que vos presentar unha obra de valer no noso teatro, rendir un homenaxe ao seu autor D. Galo Salinas, o mais vello dos escritores galegos contemporáneos e un dos primeiros e que mais atención adicou sempre ao teatro galego, producindo moitas obras, aínda desconecidas algunhas d'elas e que nós procuraremos estrenar, e lembrar tamén có agarimo que merecen todos aqueles rapaces, moitos d'eles mortos prematuramente, que puxeron o seu saber e o seu entusiasmo ao servizo da nosa arte escénica, logrando coa súa meritísima labor construír os cimentos da Dramática Galega, representando varias veces durante a súa actuación obras como "¡Fillá!...", "A Ponte", "Minia", "Mareiras"...

Ao se disgregar este conxunto, o teatro galego sufriu unha paralización que o tivo en silencio varios anos, hasta que, como non podía menos de soceder, voltóu novamente á rexurdir, inda que, debémolo dicir, pesía aos intentos repetidos, sen que se constituise outra agrupación do valer artístico da citada Escola.

Nós entendemos que unha das mais grandes formas de propaganda que podemos utilizar para espallar o ideal redentor do pobo galego e afincar a propia personalidade racial, é o teatro. As farsadas teatraes son comprendidas por todos; escóitanse con mais atención e con mais gusto, entran mais adentro no espírito porque impresionan o ánimo pol-a vista, pol-o ouvido e mais pol-a simpatía do sentimento que se trasmite inconscientemente do actor ao espectador.

Tendo en conta ademais o interés despertado fai algún tempo por todo o que significa arte nacional, e en particular pol-a arte dramática, como se ve pol-as moitas representacións que se levan feito nestes derradeiros anos, queremos adicar ao Teatro Galego toda a nosa atención e con tal ouxeto constituímos a "Escola Dramática Galega" para fomentar e perfeccionar no posibre canto co noso teatro teña relación.

O Teatro Galego, como manifestación da propia cultura, como estudo da vida mesma na nosa Terra, pode e debe ser á par que un motivo de distraición un medio de nos facer ver na nosa arte unha modalidade característica da xente galega no sentir e no pensar, na forma da espresión, na estética mesma, cousas distintas en todo ás demais da península.

E non quere esto dicir que as obras galegas estén reducidas á copiar asuntos labregos e mariñeiros, que en Galicia existen tamén as vilas. Pol-o d'agora son poucas aínda as producións que entran no ambiente de señorío, é certo, mais háinas, e ahí están "Man de Santiña", "A Fidalga", "Tre-bón", "María Rosa", "O Pago", "Donosiña", "O Engano", "Alma Galega", "O Pecado alleo"... E cando os autores vaian decatándose de que no galego, como en todol-os idiomas do mundo pódense tratar toda crase de asuntos e desenvolverse as mais variadas ideas; e sobre todo, cando vexan que hai unha Escola Dramática capaz de dar vida á cantas obras aparezan, non duvidamos que éstas xurdirán en cantidade e calidade que nada desmerecerán das correntes en todol-os teatros.

Se contamos coa axuda moral e material dos bós galegos; se a nosa labor é ben acollida, e tanto as señoritas como os rapaces que sintan afición se dignan acudir ás nosas clases, traballar con nósco, traeremos ao taboado non só as antigas obras de mérito no noso teatro, senon que estrenaremos aquelas outras que permanecen aínda desconecidas á pesar do seu valer, e as novas que seguramente escribirán para nós os autores galegos.

Hoxe encomenzamos con "¡Fillá...!" Seguirán despois "O Pazo", do mestre Lutrís. Estamos tamén preparando o reestreno de "A Ponte", e os estrenos de "Sacrificio", "O Chufón", "A Paz do Campo". En carteira agardan obras en tres actos tan notabres como "Rosiña", "O pecado alleo", "A Fidalga", "O Engano".

En fin, unha grande labor que nos propoñemos facer, e para a que contamos coa axuda de todos, que non duvidamos nol-a prestaredes, xa que á todos convén que Galicia sexa grande pol-a súa arte que é a vida espiritual, do mesmo xeito que pol-a súa vida material. Ambas comprétanse.

O Estado hespañol e os portos galegos

O Goberno da Hespaña reduciu a subvención que nos presupostos anteriores tiña asignada aos portos galegos.

A cuestión téñ varios aspectos e brevemente imos falar d'eles.

Primeiramente o feito agora pol-o Goberno é unha proba máis de como os Gobernos centralistas se non preocupan para nada das necesidás lóxicas dos pobos que forman eso que se chama Hespaña. Estanse gastando millós e millós na absurda empresa de Marrocos e en troques para as necesidás da península non hai diñeiro. Fálase de chegarse a América, d'estreitar as relacións cos pobos americanos e ninguén preocupase de construír un porto grande que sexa a base d'esas relacións. Os portos da Cruña e Vigo, que son os imprescindibles para realizar esa labor por seren os máis próximos e de máis tránsito para América están abandonados ¡A calqueira hora pasaría eso n'outro país que non fora Hespaña! Mais a nós xá non nos causan extrañeza estas barbaridades. ¡Estamos tan afeitos a elas!

A outros portos non galegos, portos algún d'eles sin tránsito ningún co extranxeiro, asignouselles maior subvención que aos nosos. Demostración do ben que conocen os gobernantes da Hespaña as necesidades do país. Todo fan ao revés.

Moitos hespañolistas parecen se sentir molestados porque Portugal, o pobo irmán do galego, vense preocupando e parece que vai ser un feito, de construír un gran porto en Leixoes. Moléstanse porque o seu "patriotismo" non lles permite que haxa fora de Hespaña quen faga millor as cousas.

Vigo, que ten millores condicións naturás que Leixoes para o fin a que vai ser destinado casi exclusivamente o porto portugués, está como decimos abandonado pol-o Estado hespañol. Reconozan e decátense ben agora os vigueses do agradecidos que poden estarlles aos Gobernos e ao Estado caduco e vello da vella Hespaña.

O caso de agora ven a demostrar a completa ineficacia e ó fracaso ruidoso do noxento réxime centralista actual. Tamén é unha demostración do que se preocupan de Galicia os deputados que se din galegos. ¿Cando o pobo galego terase decatado da realidade de todo isto que nós vimos predicando fai tempo? ¿É que non temos probas de abondo para estarmos seguros de que o réxime centralista hespañol é incompatible co progreso e adianto da Nosa Terra?

Como protesta contra o aldraxe do Goberno ¿sabedes que se fixo? Pois en Vigo, na Cruña e no Ferrol celebráronse asambleas de "fuerzas vivas", cruzáronse centos de telegramas e a Madrid foron a choriquear diante o Goberno, a mendigar servilmente, uns cantos señores todos de cabelos brancos representantes de esas "fuerzas vivas". ¡Vaia por Deus! ¿Que pouco medo hai ao ridículo! Xá pasaron os tempos da súplica. Si se vai seguir como hasta agora seguirannos tratando o mesmo que sempre, pois non merecemos que se nos trate millor.

E imos rematar estes comentarios facendo a seguinte pregunta á "Xunta de Obras do porto" da Cruña: ¿Pódese saber que se fai das enormes ganancias que esa Xunta tivo nos derradeiros anos?

En obras no porto non as vimos invertidas.

LECTURAS

A agüia.—Porto.

Recibimos o número 3. Trae orixinas de Américo Durao, Leonardo Coimbra, Raul Brandao, Antonio de Sousa, Alvaro de Moraes, Angelo Cesar e un retrato de Antonio Costa. Na bibliografía fala de "Nós", de A NOSA TERRA e do manifesto da "Irmandade da Fala" da Cruña, encol da asamblea nacionalista ibérica. Recomenda a lectura meditada d'este manifesto.

Rexurdimento.—Betanzos.

O número 6 saiu c'o mesmo intrés que os anteriores. Trae orixinas de Teixeira de Pascoaes, López da Torre, Leandro Carré, B. T., e notas galeguistas de gran valimento.

De los pazos gallegos.—Xavier Bóveda.

Recibimos adicado un libríño de versos que con este título téñ publicació o notabre poeta ourensán. Non están mal. Agradecemos ao Sr. Bóveda a súa atención.

Gráfica.—A Cruña.

Galicia.—Habana.

La Revista.—Barcelona.

La Voz del Campo.—Marín.

La Zarpa.—Ourense.

Rexurdimento.—Betanzos.

Ven moi interesante o número 5. Trae orixinas de A. Villar Ponte, F. T., Tomás L. da Torre B. T., Víctor Casas, Manoel Roel, versos de Teixeira de Pascoaes e Cabanillas unha caricatura de Xaime Prada e outra de Villar Ponte por Cebreiro, notas deportistas e noticias de Betanzos.

"Rexurdimento" vai camiño de conquistar longa vida, pois cada número que sal é acollido con máis intrés. En Betanzos non hai quen o non lea. Moito folgámonos d'elo pois cada folia en galego que aparece na Terra é un heraldo máis do noso ideal. "Rexurdimento" vai admirablemente n'este aspecto.

O cantar dos cantares.—Avelino Rodríguez Elías.

A editorial "Marineda", que en Madrid dirixe o señor Pueyo, acaba de editar o terceiro volume da biblioteca "Galicia", que é unha colección de cantares galegos do noso querido irmán e colaborador D. Avelino Rodríguez Elías, quen nos enviou un exemplar cariñosamente adicado.

Rodríguez Elías é ben conoecido xá por vir dende fai moito tempo colaborando en moitos xornás galegos e das Américas. Ten feito varias obras de teatro que agradaron moito e que están sendo decote representadas. Como contista e tamén moi conoecido.

O libro que agora recibimos, por certo admirablemente editao, agradounos moito.

É unha colección de versos moi bonitos que honran ao seu autor, sendo ao mesmo tempo unha boa páxina da literatura galega.

Moito agradecemos ao señor Rodríguez Elías o exemplar que tivo a ben nos enviar.

Cáltiga.—Ferrol.

Recibimos o número 7 d'esta xá importantísima publi-

cación galega que pol-os seus arrestos e pol-a sua orientación artística é realmente unha honra da nosa terra.

O número 7 publica a formidabile humorada de Castelao "Un ollo de vidro" (Memorias d'un esqueleto). Facer un eloxio de Castelao e da sua arte a estas alturas sería cair no ridículo. "Un ollo de vidro" é unha obra maestra do humorismo que pode parangonarse sin temor algún co'as grandes obras crásicas d'este xénero. Nada tan socarrón e tan enxebre como a fina ironía que derrocha a feixes o finísimo Castelao n'esta obra. "Un ollo de vidro" son anacos da conferencia que deu na sua exposición no "Circo de Artesanos" da Cruña e que xá publicamos completa en A NOSA TERRA. É unha honra da literatura galega. Ben fixeron os entusiastas editores de "Céltiga" en publicar tan admirabile mostra da nosa literatura. Leva oito dibuxos admirables do mesmo Castelao. Este número véndese a dous reais e agotarase rápidamente. Está moi ben imprentado.

O número 8 de "Céltiga" publicará unha noveliña de doña Francisca Herrera Garrido titulaa "A alma de Míngos".

Andeiro, poema histórico brigantino da Unión Ibérica (siglo XIV), por *Evaristo Martelo Paumán*, Cruña, 1922 16.º 100 follas, con un retrato do conde de Ouren, p. 2.

Ben está a modestia nos que valen en realidade; mais esa virtude, tan rara hoxe cal todal-as demais, vai sendo xa rayana do pecado. Decimol-o así porque cando certos actos son perxudiciales, non tanto para o individuo coma para a colectividade, deben as xentes desbotare de todo aquilo que lles poda dañar e o exceso de modestia, daña, e moito.

Tal é o caso que dase co autor do lindo poema que é motivo de escribir estas líneas. Evaristo Martelo é, sin disputa, un os mais grandes líricos galegos d'estes tempos e malia d'eso a sua moestia, que o envolve cal un neboeiro. O non deixa que o seu nome e as suas obras sexan conocidas da maoria das nosas xentes.

Sabemos con pouco lle presta ao noso amigo o que o gaven publicamente, mais creiaños de que os valores reales da nosa terra deben decatarse de que pensando de tal xeito, a turba multa dos ignorantes e dos ousados ocupará o posto dos que brillan pol-a sua propia luz.

No día, no campo das letras vaise copiando servilmente o recramo do teatro do silencio, a tanto o renglón; ou todopoderosa caixa da administración! e apenas se publica calquera cousa fiona, ou sin importancia, deslabazada ou ca-

rente de senso, deixase ouvil-a trompeta da súa, poñendo nos cornos da lua e as nubes do fume dos botafumeiros dos turiferarios incensan aos autores, decindo de unas e outros, como din a cotío da derradeira "film" que ésta é a mais superior, a mais epatante de todas cantas se viron hasta o de aquela.

Contra d'esto tan perxudicial en todol-os ordes temos de ir en santa cruzada se non queremos que sobor das letras galegas caia o mais tremebundo e espantoso dos ridículos.

O poema "Andeiro", como obra de Martelo, tanto pol-a sua forma, como pol-a sua métrica variada, tanto pol-o seu lescico como pol-o seu asunto e obra patriótica, verdadeiramente notabre e digna irmán das outras obras de Martelo: "Líricas galegas", "A noite de San Silo", "Os afillados do demo" e "Landras e Bayas", gala e pres das musas galegas. O distinguio e inspirado poeta non é tan solo un gran lírico senon que é un gran satírico, mais as suas produciós de este xénero, son todas cultas e os seus epigramas, de guante branco, enchen o seu fin de correxir, rindo.

"Andeiro", é un libriño que todos deben de leere, non tan solo pol-o deleite que no espírito deixa toda obra perfecta, senon porque, para os mais, é ao mesmo tempo que o descubremento de un gran poeta para eles, o conecemento d'unha folla da historia galega, ignorada para moitos, no que a alevosa morte dada ao Conde de Ouren, na Corte de Portugal, privou a tan gran cruñés, o primer fillo ilustre da nosa cibdá de que se ten noticia, de levar á cabo o gran fin político da aproximación ou unión de os dos pobos irmáns, Galicia e Portugal, que tanto houbera infruido non só na vida extensa de Galicia, senon na da Península enteira.

Nada mais temos de decir, senon que o autor, noso querido e admirado amigo e un dos membros mais distinguidos da "Real Academia Gallega", reciba o noso mais sincero parabén e nos permita o atrevimento de lle dar un consello, que facemos extensivo á todos os que como él valen e teñen personalidade abondo: o de que dando de lado as faladurias intreesadas do mundo, salla d'unha vez do retraimento en que xaz, e pubrique "As teupas do Pindo", segunda parte da sua donosa e xusticieira sátira "Os afillados do demo", para ver d'escorrentar para semprexamais tanto e tanto follón e malandrin que malamente zagan no mel das nosas letras e da nosa fala, pois vai sendo tempo

*de que os malos se corrixan
e de que os bós perseveren.*

E. C. A.

Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**

Proximas saídas da Cruña

Vapor correo **Holrn** 11 de Outono

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Ptas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: » **407'10**

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursas: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPERERÍA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa cras que máis honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres [Canosa]

“La Encajera Española”

Fábrica de encaixes de fío
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES
ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

Cruña-León-Ourense-Oviedo-Pontevedra e Lugo

A CRUÑA

Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saídas fixas mensúas directamente d'este porto para os do Brasil, Montevideo e Bós Aires, dos maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 16.000 toneladas de desplazamento:

DATA

VAPOR

2 de Novembre

MEDUANA (novo)

Ademiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 3.^a especial e 3.^a corrente.

Prezos:	3. ^a especial en camarotes, comedores e salón de conversa . . .	Pesetas	482'10
	• 3. ^a en camarotes, comedores e salón de conversa.	•	427'10
	• 3. ^a corrente	•	407'10

¶ Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para máis informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegramas e telefonemas: "Chargeurs"

Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.
LA CORUÑA

GARAXES { Betanzos, 3
Rosalia Castro, 1-3-5
Xoán Flórez, 138

Oficiñas e despacho:

Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica e Telefónica:

Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:

Oficiñas, núm. 417

Garaxe, núm. 517

Liña directa coa interurbana

Conta corrente cor:

Banco de Hespaña

Banco Hespagnol do

Río da Plata

Banco Hisp. Americ.º

Sobriños de J. Pastor



IMPORTACIÓN DIRECTA

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX, HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamiós de transporte entre a Cruña Santiago, e viceversa

Automóviles

Accesorios

Neumáticos

Bandaxes macizas
"CONTINENTAL"
con prensa hidráulica
para o seu montaxe

Aceites e graxas
das
Mellores marcas

Automóviles
de alquiler

Comisións
e
Representacións

GASOLINA
ventas ao por
maior e menor

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Flandre 23 de Octubre

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia	»	825	875

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD
AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

ZEELANDIA 17 de Novembre

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 400** máis impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
Para cumprimentar as disposicións argentinas é indispensable que todo paraxeiro presente a documentación con **5 días** de anticipación a data de saída

PARA PRECIOS DE CÁMARA e prazas disponibles o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario Representante xeneral da Compañía en España- - **Marina, 22—A Cruña**

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todo-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/2	por	100	id.	id.
2 3/4	por	100	id.	id.
3	por	100	id.	id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.